



Guía Docente				
Datos Identificativos				2015/16
Asignatura (*)	Estancias Clínicas V	Código	750G01029	
Titulación	Grao en Enfermaría			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	García Rivera, María Gema	Correo electrónico	m.grivera@udc.es	
	Varela Feal, Nuria Esther		nuria.varela.feal@udc.es	
Web	http://campusvirtual.udc.es/moodle			
Descrición xeral	<p>Materia de práctica clínica de intervención integradora, supervisada por profesionais enfermeiros e por profesores da Universidade situados nos recursos sanitarios seleccionados como contornas clínicas de aprendizaxe práctica de nivel intermedio. O seu obxectivo fundamental, é permitir a incorporación por parte do alumno dos valores profesionais, razoamento clínico, xestión clínica e o xuízo crítico.</p> <p>Estas estancias teñen a finalidade de que o alumno poida integrar os coñecementos teóricos e habilidades adquiridas que lle permitan entender, comprender, diagnosticar, deseñar un plan de coidados e desenvolvelo tendo en conta a situación de saúde da persoa. Tamén desenvolver habilidades de comunicación efectiva con pacientes, familias e grupos.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A62	Integrar os coñecementos, as habilidades e actitudes da enfermaría para dar a atención ás persoas nas diferentes situacións de saúde, baseados nos principios e valores profesionais, competencias de comunicación asistencial, razoamento clínico, xestión clínica e xuízo crítico asociados ás competencias descritas nos obxectivos xerais e as materias que conforman o título, en forma de rotatorio clínico independente e con avaliación final de competencias; nos Centros de Saúde, Hospitais e outros centros asistenciais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa nun equipo interdisciplinar.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva en un entorno de traballo.
B8	Capacidade de análise e sínteses.
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
B10	Capacidade para adaptarse ás situacións novas.
B11	Capacidade e habilidade de xestión da información.
B12	Capacidade para organizar e planificar.
B13	Toma de decisións.
B14	Habilidades interpersonais.
B15	Capacidade para comunicarse con persoas non expertas na materia.
B16	Coñecer e apreciar a diversidade e a multiculturalidade.
B19	Coñecementos de informática relativos ao ambiente de estudio.
B20	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
B22	Capacidade para motivarse e motivar a outros.
B24	Fomentar e aplicar os dereitos fundamentais e a igualdade entre homes e mulleres.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C10	CB2 Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos a seu traballo ou vocación de unha forma profesional y posúan as competencias que solen demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
C11	CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
C12	CB4 Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Cooperar co equipo asistencial sanitario e/ou socio-sanitario.	A62	B1 B3 B5 B7 B10 B11 B12 B14 B22 B24	C1 C3 C7 C10 C11 C12
Desenvolver estratexias de comunicación efectiva coas persoas atendidas, as súas familias e grupos.	A62	B1 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B22	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12



Aplicar o proceso de atención de enfermaría integrando os coñecementos dos problemas de saúde das persoas nas diferentes etapas do ciclo vital.	A62	B1 B3 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22	C1 C3 C7 C10 C11 C12
Executar con habilidade as intervencións de enfermaría garantindo a seguridade.	A62	B1 B3 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B19 B20	C3 C7 C10
Actuar segundo os principios éticos e legáis que guían a profesión. Cumprir as normas de funcionamento das institucións sanitarias.	A62	B1 B3 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B20 B22 B24	C3 C4 C7 C10 C11 C12

Contidos	
Temas	Subtemas



Prácticas clínicas tuteladas realizadas en unidades hospitalarias de atención ás persoas adultas en situación crítica.	<p>Presentación e discusión dun caso como base para mostrar o traballo e aprendizaxe enfermeiro. É o estudo da particularidade e da complexidade dun caso singular, para chegar a comprender a súa actividade en circunstancias concretas.</p> <p>A técnica de estudo de casos, consiste en proporcionar unha serie de casos que representen situacións diversas da práctica clínica para que se estuden e analicen. Desta maneira, preténdese adestrar aos alumnos na xeración de solucións.</p>
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	10	11	21
Prácticas clínicas	A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4	120	8	128
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se enfrenta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Prácticas clínicas	O ensino clínico pode entenderse como un proceso instrucional que ten lugar nun ambiente natural relacionado co exercicio dunha profesión, no que os estudantes observan e participan en actividades clínicas deseñadas para proporcionarlles oportunidades que supoñen a aplicación de feitos, teorías e principios relacionados coa práctica da mesma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Estudo de casos	A atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos, guiándolos a través da aprendizaxe. Isto permite facer un seguimento do proceso de maduración das competencias.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B5 B6 B9 B10 B12 B14 B15 B16 B20 C4	A súa realización é obrigatoria en tempo, horario e centro establecido desde a Facultade. Como resultado do rotatorio práctico, xerarase un informe final, que será elaborado polos profesionais da unidade na que o alumno realiza a súa estancia. Este informe será finalmente revisado e valorado polos docentes da materia. Na elaboración do informe, teranse en consideración os coñecementos, as actitudes profesionais, as habilidades e destrezas técnicas e as aptitudes do alumno.	70



Estudo de casos	B1 B3 B7 B8 B11 B13 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C11 C12	<p>A súa realización e obligatoria.</p> <p>Estrutura dun caso clínico:</p> <p>Título: Debe ser claro e linguaxe sinxela.</p> <p>Introdución: O obxectivo é motivar. É desexable destacar a súa importancia en base á súa prevalencia, gravidade, dificultade para o seu recoñecemento, forma de presentación etc..</p> <p>Exposición do caso: Consiste na descrición da anamnesis, a exploración realizada e a avaliación clínica do paciente. Débese respectar a confidencialidade do paciente. Se o caso requireo pódense incluír imaxes, genogramas, diagramas ou algoritmos.</p> <p>Discusión: Nela salientase por que o caso é relevante. Explícase o interese científico do caso clínico.</p> <p>Conclusión: Inclúense os comentarios de a solución do caso apuntando as súas particularidades científicas, a súa novidade ou como se manexo a incerteza. Serve para clarificar aspectos discutibles e destacar a mensaxe que debe quedar da súa lectura. Pola súa finalidade educativa debemos ter un ensino que se proxecte no futuro por medio de recomendacións para o manexo de paciente ou as liñas de investigación que poderían orixinarse á mantenta do caso.</p> <p>Reseña bibliográfica: Revisión actualizada da bibliografía existente na que se basea o caso.</p>	30
-----------------	--	--	----

Observacións avaliación

Para poder realizar as prácticas clínicas correspondentes é necesario estar matriculado na materia Estancias Clínicas V e ter superadas as Estancias Clínica I e II e III tal e como consta na memoria do Título de Grao. Existe a obrigatoriedade de asistir ás prácticas clínicas e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. As ausencias non xustificadas poden supor o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizácese no período establecido polo profesor antes do peche de actas. Para aprobar a materia é necesario superar de maneira independente as dúas probas (Prácticas Clínicas e Estudo de Casos). A non superación dunha das partes suporá a cualificación de SUSPENSO na acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo (Prácticas Clínicas 70% e Estudo de casos 30%) en cada unha das partes. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresaliente. 9-10 Matrícula de Honra (graciable). O feito de presentarse/realizar as prácticas clínicas e ser avaliado en calquera das probas implica figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente. Os aspectos e criterios xerais que se terán en consideración ao avaliar as actividades que se farán ao redor de dita metodoloxía (Prácticas Clínicas e Estudo de caso) son a asistencia, compromiso individual, coherencia dos contidos abordados, coñecementos demostrados na actividade práctico-clínica, no estudo de casos e as competencias adquiridas para esta materia. Convocatoria de segunda oportunidade: En caso de non superación da materia (práctica clínica/estudo de casos), deberá recuperar toda a materia no caso de non superar ambas metodoloxías ou a parte non superada. A presentación de un novo estudo de caso, se he a parte non superada, e no caso das prácticas clínicas a recuperación será na unidade que se lle asigne, durante o mes de xullo e antes do peche de actas. As condicións para a obtención dunha matrícula de honra son que o alumno obteña máis dun 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa achega no estudo de caso e nas prácticas fose significativa. As probas superadas na oportunidade de febreiro, conservaranse para a oportunidade de xullo.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Estancias Clínicas I/750G01025
Estancias Clínicas II/750G01026
Estadías Clínicas III/750G01027

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031

Materias que continúan o temario

Practicum/750G01032

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías